

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO
TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publícase o literal do Decreto 16/2018 de data 22.01.2018 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE XOVES 25 DE XANEIRO DE 2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G010/000001

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.01.2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000029

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaría municipal o día 22/01/2018, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo xoves **25/01/2018 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 29.11.2017.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 19.12.2017.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28.12.2017.

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PREVENTIVA PERMANENTE REVISABLE.



3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS PARA INSTAR AO CONCELLO DE PONTEDEUME A APOIAR E SUMARSE ÁS ACTIVIDADES DE CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA REVOLTA POPULAR MARZO 1918.

4.- DAR CONTA DA SINATURA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

7. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D.Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).”

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).